



Concello de Cangas

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 12 DE SETEMBRO DE 2016

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 12 de setembro de 2016

HORA DE COMEZO: 19:08 h.

HORA DE REMATE: 20:15 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoan Carlos Chillón Iglesias, D. Heitor Mera Herbello, D^a Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 5 DE SETEMBRO DE 2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 5 de setembro de 2016

URBANISMO E PATRIMONIO

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 7 DE SETEMBRO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de



Concello de Cangas

propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.I. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.



Concello de Cangas

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 25.891.- A A.B.C, con enderezo a efectos de notificacións en Avda. de Galicia, 44 -1º F, Cangas, para en Souto-San Pedro, Darbo, en solo regulado pola ordenanza 11, construír unha vivenda unifamiliar de 72,00 m2 de semisoto, 72,00 m2 de planta baixa, 108,90 de primeiro andar e 53,40 m2 de terrazas, de conformidade co proxecto básico de data marzo de 2016 e o proxecto de execución de data de visado 18 de agosto de 2016 do arquitecto Fernando Baliño Pizcueta, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudio de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia para os núcleos rurais e a formalizar ante o Catastro a modificación que expón a presente licenza.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada de 109 m2 de data 3 de febreiro de 2016.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das frontes de parcela aceptándose o aval en garantía da mesma por importe de 302,38 euros.

EXPEDIENTE Nº 25.951.- A I.C.P., con enderezo a efectos de notificacións en Avda. de Bueu, 13 -5o G, Cangas, para en estrada Herbelo-Darbo, s/n, en solo regulado pola ordenanza 11, construír unha vivenda unifamiliar de 62,20 m2 de soto e 105,30 m2 de planta baixa e un peche, de conformidade co proxecto básico do arquitecto A.V.O., de marzo de 2016, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudio de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia para os núcleos rurais e a formalizar ante o Catastro a modificación que expón a presente licenza.



Concello de Cangas

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada de 159,72 m², con data 29 de agosto de 2.016.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das frontes de parcela aceptándosele o aval en garantía da mesma por importe de 3895,51 euros.

EXPEDIENTE Nº 26.000.- A E.N.F., con enderezo a efectos de notificacións en Xistro, 14 - Coiro, para en Xistro, 14-Coiro, realizar obras de ampliación de vivenda en 74,17 m² para garaxe, 43,27 m² de tendedeiro e 35,55 m² de terrazas, de conformidade co proxecto básico e de execución do arquitecto D. G.C, de xuño de 2016, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudio de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia para os núcleos rurais e a formalizar ante o Catastro a modificación que expón a presente licenza.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada, de 5, 60 m², con data 25 de agosto de 2016.

Simultaneamente a edificación deberá complementar a urbanización das frontes de parcela aceptándosele o aval en garantía da mesma por importe de 210,00 euros.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 145.1 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.



Concello de Cangas

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características construtivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 25.854.- A GAS GALICIA S.D.G. S.A., para na zona de posición do rego das Presas, no lugar de Trav. Xoán, nº 1, executar unha acometida de 3,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo o 15 de setembro.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de semana Santa.

Deberá regular o tráfico durante as obras.

Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de 300,00 euros para responder das obras de reposición da vía pública.

No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que elo supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberanse axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o viario ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o viario é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.



Concello de Cangas

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galiza, da exixencia ós propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

EXPEDIENTE Nº 26.028.- A UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A., para en Piñeiro-Aldán, executar 3, 00 metros de canalización de rede de baixa tensión, de conformidade co proxecto SGD 248316040148, de data 30 de maio de 2016, e coas seguintes condicións:

Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe presentar un aval por importe de 300,00 euros para responder das obras de reposición da vía pública.

No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Unión Fenosa Distribución o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que elo supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o viario ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o viario é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 43.1 da Lei 8/2012, de Vi venda de Galiza, da exixencia ós propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:



Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 25.942.- A J.M.G.S., para cambio de material de cubrición de cuberta en vivenda, en lugar Pedreira, nº 43 - Coiro.

EXPEDIENTE Nº 2 6.001.- A S.H.B., para cambio de tella en edificación sita en Baixada o Muelle, nº 21 - Aldán.

EXPEDIENTE Nº 26.054.- A I.F.C., para peches laterais e posterior de finca rústica, no lugar Dan da Veiga - Darbo.

APERTURAS

EXPEDIENTE Nº 1.954/16.- A ARTIPLAN CANGAS, S.L., para copistería e papelería na rúa Méndez Núñez, 27 - Local 5.

4º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

4º.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 13/2016

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 5.09.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 13/2016, que é como segue:

*“PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE
GOBERNO LOCAL EXPEDIENTE Nº 13/2016*

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Limens-O Hío consistentes en: actuar sobre a zona destinada ao sistema viario sen axustarse á licenza municipal.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 11 de xullo do 2016 a de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por ser incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados V.M.G., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que os feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/16,



Concello de Cangas

indicándolle ao infractor que as sanción impostas ao abeiro deste lei reduciranse na súa contía nun 50% se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor mostra por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.d. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163. c) da Lei 2/16, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Mariano Abalo Costa e á secretaria do Concello D^a Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 163 da Lei 2/16, 10 do R.d. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.d. 1398/93 de recoñece-la súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por se mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 90%.

QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achega-los documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder ós interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.



Concello de Cangas

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.d. 1398/93.

OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer-lo que estime máis conveniente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 13/2016.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

5º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

5º.A.1) PROPOSTA S/ CONCESIÓN DE ALTA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 8.09.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

" PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, dende a Xefatura de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

Concederlle a ampliación do servizo de Axuda no Fogar a don/a J.G.S., co expediente 36008/01/002515-32333 a través da quenda de dependencia e de acordo ós seguintes detalles:



Concello de Cangas

Prestacións:

- *Atencións de carácter persoal.*
- *Atención de carácter psicosocial.*
- *Atencións de carácter doméstico.*

Número de horas mensuais: 13 horas

Custo do servizo: 159,38 € (12,26 €/hora)

O cómputo da capacidade económica mensual facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de 824,18 €/mes, cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custo do servizo de 2,19 €/ hora. Achega económica da persoa usuaria: 28,47 €/ mes Data prevista de alta no SAF: 12 de setembro de 2016."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

5º.A.2) PROPOSTA S/ CONCESIÓN DE ALTA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 8.09.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

" PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, dende a Xefatura de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:



Concello de Cangas

Concederlle do servizo de Axuda no Fogar a don/a M.D.P.R., co expediente 36008/01/000248-50553 a través da quenda de dependencia e de acordo ós seguintes detalles:

Prestacións:

- *Atencións de carácter persoal.*
- *Atención de carácter psicosocial.*
- *Atencións de carácter doméstico.*

Número de horas mensuais: 30 horas

Custo do servizo: 367,80 € (12,26 €/ hora)

O cómputo da capacidade económica mensual facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de 813,26 €/mes, cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custo do servizo de 2,55 €/ hora. Achega económica da persoa usuaria: 76,77 €/ mes Data prevista de alta no SAF: 12 de setembro de 2016."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

5º.A.3) PROPOSTA S/ CONCESIÓN DE ALTA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 8.09.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

“ *PROPOSTA DE RESOLUCIÓN*

En vista da solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, dende a Xefatura de Servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:



Concello de Cangas

Concederlle do servizo de Axuda no Fogar a don/a D.C.D., co expediente 36008/01/000270-50552 a través da quenda de dependencia e de acordo ós seguintes detalles

Prestacións:

- *Atencións de carácter persoal.*
- *Atención de carácter psicosocial.*
- *Atencións de carácter doméstico.*

Número de horas mensuais: 20 horas

Custo do servizo: 245,20 € (12,26 €/hora)

O cómputo da capacidade económica mensual facilitada polo Órgano de Valoración da Xunta é de 0,00 €/mes, cunha achega económica da persoa usuaria sobre o custo do servizo de 0,00 €/ hora. Achega económica da persoa usuaria: 0,00 €/ mes Data prevista de alta no SAF: 12 de setembro de 2016."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

6º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/ RESOLUCIÓN DE ALTA NO SERVIZO EMERXENCIA SOCIAL

Examinada a proposta do Concelleiro de servizos Sociais, do día 8.09.2016, relativa á concesión de axuda de Emerxencia Social, que di:

"PROPOSTA DE RESOLUCION

Don Tomás Hermelo Álvarez en calidade de Concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade do Concello de Cangas (Pontevedra)

En relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por dona N.C.V. e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propón a seguinte resolución:

Concesión de axuda económica de 473,93€."



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

MEDIO AMBIENTE E TURISMO

7º.- DAR CONTA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE CANGAS, PARA LEVAR A CABO ACTUACIÓNS NO "ROTEIRO DE DONÓN"

Dáse conta do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Cangas, para levar a cabo actuacións no "Roteiro de Donón", que di:

"A Presidencia, no uso das facultades que lle confire a normativa vixente, á vista do informe de proposta da xefa do servizo de cooperación, ditou a seguinte RESOLUCIÓN:

"INFORME DE PROPOSTA

A Deputación busca garantir un equilibrio no territorio da provincia entre o medio rural e urbano, o interior e a costa, que permita o desenvolvemento económico da totalidade do territorio e que todos os cidadáns teñan unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos concellos, como Administración máis próxima aos administrados e como motor do desenvolvemento económico-social.

Na actualidade, Pontevedra é a provincia con máis Sendeiros Azuis recoñecidos, once en total, situados nos concellos de Baiona, Bueu, Cangas do Morrazo, A Guarda, A Illa de Arousa, Marín, Nigrán, Ponte Caldelas, e Vigo. Estes roteiros constitúen itinerarios e elementos paisaxísticos que contribúen ao uso sostible do litoral, e desempeñan unha función social importante, ao constituír excelentes lugares para o goce da natureza e, tamén, como elementos vertebradores para o desenvolvemento, saúde e benestar do conxunto da sociedade. Asemade, estes roteiros constitúen recursos de indubidable valor que contribúen a potenciar o sector turístico da provincia, repercutindo non só nos concellos nos que discorren os roteiros, senón no conxunto da provincia.

A Deputación de Pontevedra está interesada en promover o desenvolvemento sostible destes roteiros das zonas litorais mediante unha xestión integrada que poñan en valor os valores naturais, históricos, culturais e etnográficos que conforman o patrimonio litoral da provincia. A colaboración cos concellos busca contribuír ao sostemento, promoción e difusión destes itinerarios co obxectivo de conformar unha ampla rede de sendeiros litorais educativos que creen un sólido nexa de unión entre



Concello de Cangas

concellos veciños, reforzando a cooperación entre eles, así como a consolidación da provincia como destino turístico.

Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Cangas, en virtude da vixente lexislación de réxime local pola que asumen competencias relativas a medio ambiente, promoción turística e promoción do deporte e instalacións deportivas, manifestaron o seu interese na difusión, promoción, conservación e sostemento do "ROTEIRO DE DONÓN" que conta co recoñecemento como Sendeiro Azul. Ámbalas partes están comprometidas co aumento e optimización de infraestruturas e servizos que, conservando o seu patrimonio natural, permita mellorar a calidade de vida presente e futura tanto dos seus residentes como de aqueles cidadáns que escollen este concello como destino do seu ocio.

En data 04/08/2016 o Concello de Cangas presenta no rexistro xeral da Deputación, unha solicitude formal para a sinatura dun convenio de colaboración co obxecto da realización de actuacións para a posta en valor e mellora do "ROTEIRO DE DONÓN".

Revisada a documentación achegada, esta cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio de colaboración.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime Xurídico:

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP).*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).*
- *Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).*
- *Bases de execución do orzamento da Deputación para o exercicio 2016.*

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

Artigo 36.2.b) da LRBRL, que atribúe ás deputacións a competencia para asegurar o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e encomenda ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada destes servizos.



Concello de Cangas

Artigo 25.2.1) da LRBRL, que atribúe aos concellos competencias en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Petición e evacuación de informes:

- *Artigos 82 e 83 da LRXAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 89.5 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizará Intervención.*
- *Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2016, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*

Procedencia do convenio

- *Artigo 6 e seguintes da Lei 30/92, que dispón que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.*
- *Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.*
- *Artigo 198.3 da LALGA polo que en especial, as Deputacións Provinciais poderán subscribir, cos municipios da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ao conxunto dos servizos municipais.*
- *Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 6 da LRXAP tasa as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.*

CONCLUSIÓNS

Os Sendeiros Azuis constitúen itinerarios que ademais de contribuír á mellora do benestar e da calidade de vida dos veciños, supoñen un valor engadido aos recursos turísticos da provincia, potenciando o seu desenvolvemento económico-social. Vista a confluencia das finalidades da Deputación e Concellos nesta materia, e a contribución ao interese xeral tanto dos concellos interesados como do conxunto da provincia, convén a colaboración e actuación conxunta entre administracións. Neste sentido os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar dita colaboración.



Concello de Cangas

O Concello de Cangas amosou o seu interese na posta en valor e mellora do Sendeiro Azul "ROTEIRO DE DONÓN", para o cal solicita a sinatura dun convenio de colaboración coa Deputación, achegando a documentación necesaria.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación do convenio de colaboración co Concello de Cangas co obxecto de levar a cabo actuacións no "ROTEIRO DE DONÓN".

RÉXIME COMPETENCIAI-:

En virtude do establecido na base 16ª.1 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Presidencia.

Este informe no ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Tendo en conta o exposto e vistos os informes da Intervención Provincial e da Secretaría Xeral, elévase á Presidencia a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

APROBAR O 'CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE CANGAS PARA LEVAR A CABO ACTUACIÓN NO "ROTEIRO DO DONÓN", cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE CANGAS PARA LEVAR A CABO ACTUACIÓN NO 'ROTEIRO DE DONÓN"

En Pontevedra, de _____ de 2016

REUNIDOS

Dunha parte Dª María del Carmen Silva Rego, na súa condición de presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Doutra D. Xosé Manuel Pazos Varela, Alcalde-Presidente do Concello de Cangas, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E actuando D. Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.



Concello de Cangas

As partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas

EXPOÑEN

I.- Que a Deputación busca garantir un equilibrio no territorio da provincia entre o medio rural e urbano, o interior e a costa, que permita o desenvolvemento económico da totalidade do territorio e que todos os cidadáns teñan unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos concellos, como Administración máis próxima aos administrados e como motor do desenvolvemento económico-social.

II.- Que na actualidade, Pontevedra é a provincia con máis Sendeiros Azuis recoñecidos, once en total, situados nos concellos de Baiona, Bueu, Cangas do Morrazo, A Guarda, A Illa de Arousa, Marín, Nigrán, Ponte Caldelas, e Vigo. Estes roteiros constitúen itinerarios e elementos paisaxísticos que contribúen ao uso sostible do litoral, e desempeñan unha función social importante, ao constituir excelentes lugares para o disfrute da natureza e, tamén, como elementos vertebradores para o desenvolvemento, saúde e benestar do conxunto da sociedade.

A Deputación de Pontevedra está interesada en promover o desenvolvemento sostible destes roteiros das zonas litorais mediante unha xestión integrada que poñan en valor os valores naturais, históricos, culturais e etnográficos que conforman o patrimonio litoral da provincia.

A colaboración cos concellos busca contribuír ao sostemento, promoción e difusión destes itinerarios co obxectivo de conformar unha ampla rede de sendeiros litorais educativos que creen un sólido nexa de unión entre concellos veciños, reforzando a cooperación entre eles.

III.-Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 6 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

IV.- Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Cangas, en virtude da vixente lexislación de réxime local pola que asomen competencias en materia de medio ambiente, promoción turística e promoción do deporte e instalacións deportivas, manifestaron o seu interese na difusión, promoción, conservación e



Concello de Cangas

sostemento do "ROTEIRO DE DONÓN", e que conta co recoñecemento de "Sendeiro Azul. Ámbalas partes están comprometidas co aumento e optimización de infraestruturas e servizos que, que conservando o seu patrimonio natural, permita mellorar a calidade de vida presente e futura tanto dos seus residentes como de aqueles cidadáns que escollen este concello como destino do seu ocio.

En base a estes antecedentes, ámbalas partes acordan a subscrición do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLAUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é articular a colaboración entre a Deputación provincial de Pontevedra e o Concello de Cangas para levar a cabo a actuación no "ROTEIRO DE DONÓN" que conta coa cualificación de "Sendeiro Azul", co alcance e no ámbito que se especifica na cláusula segunda.

Segunda.-Ámbito da colaboración.

A colaboración entre a Deputación e o Concello de Cangas abrangue a execución do proxecto "ACTUACIÓNS NO SENDEIRO AZUL DONÓN (SA 39-03)", que comprende, entre outras, a realización de actuacións de acondicionamento e mantemento do entorno do mirador de Cabo Home, dos seus aparcamentos, e instalación de mobiliario.

Terceira.- Importe e financiamento.

O importe ao que se refire o presente convenio estímase en dezaseis mil seiscentos sesenta e seis euros con cincuenta e tres céntimos (16.666,53 €) e comprenderá tódolos gastos de realización das actuacións incluídas no convenio.

A Deputación financiará o 80% do importe previsto, trece mil trescentos trinta e tres euros con vinte e dous céntimos (13.333,22 €), con cargo ás aplicacións correspondentes do proxecto 1610001, Sendeiros Azuis, do vixente orzamento provincial.

O Concello de Cangas financiará o 20% restante, tres mil trescentos trinta e tres euros con trinta e un céntimos (3.333,31 €) con cargo ao seu respectivo orzamento.

No caso de que as actuacións efectivamente realizadas teñan un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non suporía unha execución



Concello de Cangas

deficiente da totalidade das actuacións, a contía do financiamento reducirase proporcionalmente entre ambas administracións.

Cuarta.- Compromisos da Deputación.

A Deputación de Pontevedra obrígase a achegar ao Concello de Cangas o importe correspondente ao seu cofinanciamento, responsable da contratación e a execución das actuacións segundo as especificacións previstas no convenio.

O pagamento pola Deputación efectuarase previa comprobación por parte dos Servizos Técnicos e a súa Intervención, de que se realizou o gasto para o fin e polo importe subvencionado, ademais de que se cumpriu coa finalidade do convenio.

O financiamento comprometido en relación á actuación licitada, atenderá ao importe definitivo derivado da xustificación definitiva das actuacións executadas, o cal terá como límite máximo o importe acordado.

Quinta.- Compromisos do Concello.

O Concello de Cangas obrígase a:

- 1.- Realizar a contratación e execución das actuacións a desenvolver previstas.*
- 2.- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 3.- Comunicarlle á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía*
- 4.- Darlle a adecuada publicidade ao presente convenio de colaboración, de tal xeito que quede constancia que as actuacións leváronse a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra*

No prazo máximo de tres meses dende a finalización das actuacións, e en todo caso antes do 31 de marzo de 2017, o Concello queda obrigado a remitir á Deputación: conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as certificacións, facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, xustificación da aplicación dos fondos á actividade subvencionada, declaración se o concello obtivo outras axudas, e unha memoria onde se xustifique o cumprimento dos obxectivos acadados e o cumprimento da obriga de difusión da colaboración da Deputación nestas actuacións.



Concello de Cangas

Asemade para xustificar a realización das actuacións obxecto do convenio deberá achegar certificacións de obra, copia do contrato formalizado coa empresa adxudicataria, acta de comprobación do reformulación, así como certificado do acto de aprobación das certificacións polo órgano competente. Coa certificación final deberá achegarse acta de recepción e certificado do acordo de aprobación polo órgano competente. En todo caso as certificacións de obra serán verificadas polos servizos técnicos provinciais antes de prestar aprobación á documentación xustificativa o órgano competente da Deputación.

No caso de presentar xustificante do gasto con facturas remitirase a documentación similar que proceda.

A execución das transferencias dos importes correspondentes ás certificacións de obra executada, deberán ser realizadas no prazo máximo previsto no artigo 216 do Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, a contar dende a notificación por parte do Concello de Cangas dos documentos acreditativos para a execución das transferencias.

O concello queda obrigado a prestar a colaboración e facilitar canta documentación LL sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden à Intervención Provincial, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas; así mesmo, sométese ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as demais derivadas da normativa de axudas e subvencións.

A Deputación de Pontevedra poderá realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e o cumprimento do obxecto do convenio de colaboración.

Sexta.- Publicidade.

Co fin de dar notoriedade ás actuacións obxecto deste convenio de colaboración, correspóndelle ao Concello de Cangas, administración que asume a contratación e a execución das actuacións:

En todas as informacións, paneis informativos, carteis de obra ou calquera outra documentación de comunicación das actuacións ao abeiro deste convenio, incluírase de maneira visible que o financiamento das mesmas realízase conxuntamente entre as administracións asinantes deste convenio, figurando a imaxe corporativa de cada Administración.

Sétima.- Compatibilidade con outras subvencións.

As achegas económicas previstas no presente convenio serán compatibles con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes



Concello de Cangas

de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actuación subvencionada.

Oitava.- Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento do presente convenio de colaboración, constitúese unha comisión mixta, integrada pola Presidenta da Deputación e o Alcalde-Presidente do Concello de Cangas, ou persoas nas que deleguen, e un funcionario de cada unha das administracións, que programará o desenvolvemento das actuacións que se reflicten na cláusula segunda.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.*
 - Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.*
 - Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.*
 - A determinación das obrigas respecto das actuacións en curso no caso de extinción por causa distinta ao cumprimento da vixencia do convenio.*
- Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera delas.*

Novena.- Vixencia do convenio de colaboración.

O presente convenio de colaboración entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das actuacións previstas nel, fixándose en todo caso un prazo límite de execución ata o 31 de decembro de 2016. A vixencia do presente convenio de colaboración poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes.

Décima.- Resolución.

Ademais do cumprimento do prazo de vixencia, serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio colaboración.

Undécima.- Normativa aplicable e natureza xurídica.

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.*
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.*



Concello de Cangas

- *Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*
- *Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público.*
- *Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2016.*
- *E demais normativa de obrigado cumprimento.*

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexéndose polas estipulacións establecidas nel, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso- Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula oitava, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio de colaboración

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio de colaboración a un só efecto e por duplicado, no lugar e data salientada no seu encabezamento.

*Pola Deputación de Pontevedra
María del Carmen Silva Rego*

*Polo Concello de Cangas
Xosé Manuel Pazos Varela*

*O Secretario Xeral da Deputación
Carlos Cuadrado Romay*

Compre lembrar ao abeiro do artigo 31.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que no suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se lle concedeu a subvención, durante un período inferior a cinco anos en caso de bens inscribibles nun rexistro público, nin a dous anos para o resto de bens

DARLLE TRASLADO da presente resolución ao Concello de Cangas, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

*Pontevedra, 29 de agosto de 2016
A Xefa do Servizo de Cooperación
Marina Piñeiro Novo*

Vista a precedente proposta de acordo, RESOLVO, de conformidade coa mesma.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 107 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e



Concello de Cangas

do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro), ou ben, directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei).

Todo isto sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime pertinente."

O que lle traslado para ó seu coñecemento, cumprimento e demais efectos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aceptar integramente o referido convenio.

SUBVENCIONS

8º.- SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DE AMPLIACIÓN DA COFINANCIACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS-2016

Examinada a Proposta do concelleiro de Servizos Sociais do día 8 de agosto de 2016, relativa á solicitude de axuda á Consellería de Política Social de ampliación da cofinanciación da prestación de servizos sociais polas corporacións locais-2016, que é como segue:

"PROPOSTA

SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL AMPARO DA ORDE DO 13/07/2016 DE MODIFICACIÓN DOS MÓDULOS ECONÓMICOS PARA RENOVACIÓN ANUAL DO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE PERSOAL DE SERVIZOS SOCIAIS-2016.

Ao amparo do Decreto 99/2012 do 16 de marzo da Consellería de Traballo e Benestar polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento ao acordo da Xunta de Goberno Local de data do 14/03/2016 o Concello de Cangas formula solicitude de cofinanciamento para os servizos sociais comunitarios polo importe de 544.355,20 euros.

Vista a Orde do 13 de xullo de 2016 da Consellería de Política Social pola que se modifican os módulos económicos para a renovación anual do financiamento dos gastos de persoal dos servizos Sociais comunitarios establecidos no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos Sociais comunitarios a Xunta de Goberno Local de data do 14/03/2016 acorda a modificación da solicitude de cofinanciamento no importe de 559,647,20 euros.



Concello de Cangas

Unha vez que a Consellería de Política Social revisa a documentación de todos os concellos comunica ao Concello de Cangas que pode proceder ao amparo da Orde do 13 de xullo de 2016 da Consellería de Política Social a reformular a súa solicitude de financiamento dos gastos de persoal para o 2016, polo que propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- *Que o importe total do financiamento solicitado sexa de 576.426,20 euros, cunha aportación municipal de 442.725,81 euros o que supón unha porcentaxe do 43, 43 % sobre o orzamento total do proxecto e de conformidade co seguinte:*

- *Persoal: 159.533,00 euros*
- *Mantemento: 600,00 euros.*
- *Axuda no fogar:*
 - *Modalidade de prestación básica do Plan Concertado: 11.700,00 €.*
 - *Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 256.429,20 €.*
- *Xestión de programas: 148.200,00 euros.*
- *Investimentos.: 0,00 euros*
-

Segundo.- *Declarar que os servizos Sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.*

Terceiro.- *Declarar o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2016 na contía de 442.725,81 euros que supón unha porcentaxe do 43,43 % sobre o orzamento total do proxecto, excluídas-outras achegas autonómicas.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

9º.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE SOLICITUDE DE AXUDA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ

Examinada a proposta do Concelleiro de Servizos Sociais do día 8.09.2016, relativa á modificación do acordo da Xunta de Goberno Local de solicitude de Axuda para a prestación dos servizo de atención temperá, que di:

“A Xunta de Goberno Local de data 1 de agosto de 2016, acorda ao amparo da Orde da Consellería de Política Social de data do 22 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de



Concello de Cangas

servizos de atención temperá no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas polo programa operativo Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020, acorda:

"1.a.- Solicitar subvención para a prestación do servizo de atención temperá e aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria:

<i>Actuación Servizo Atención Temperá</i>	<i>Gastos de persoal segundo custo unitario por horas traballadas (art 7.4)</i>	
<i>Períodos</i>	<i>Custos totais</i>	<i>Importe que se solicita</i>
<i>Do 1.1.2016 ao 31.12.2016</i>	<i>83.463,48</i>	<i>75.117,13</i>
<i>Do 1.1.2017 ao 31.10.2017</i>	<i>75.870,54</i>	<i>68.283,48</i>
<i>Totais</i>	<i>159.334,02</i>	<i>143.400,61</i>

1.b. Designar a C.M.G.M. que ocupa o cargo de pedagoga, para as función de coordinación e comunicación coa Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade. Teléfono contacto 986392266. Correo electrónico atenciontempera@cangas.gal

1.c.- Financiar o custo da acción obxecto de subvención que non resulte financiado pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade para a súa completa realización".

Recibido no Concello requirimento de emenda á dita solicitude, propoño á Xunta de Goberno Local á modificación do acordo do pasado día 1 de agosto de 2016, no seguinte:

<i>Actuación Servizo Atención Temperá</i>	<i>Gastos de persoal segundo custo unitario por horas traballadas [art 7.4]</i>	
<i>Períodos</i>	<i>Custos totais</i>	<i>Importe que se solicita</i>
<i>Do 1.1.2016 ao 31.12.2016</i>	<i>82.248,02</i>	<i>74.023,22</i>
<i>Do 1.1.2017 ao 31.10.2017</i>	<i>68.540,11</i>	<i>61.686,10</i>
<i>Totais</i>	<i>150.788,13</i>	<i>135.709,32</i>

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.



Concello de Cangas

PERSOAL

10º.- COMUNICACIÓNS DE XUBILACIÓNS REGULAMENTARIAS DE PERSOAL MUNICIPAL

10º A) COMUNICACIÓN DE XUBILACIÓN REGULAMENTARIA PRESENTADA POR MANUEL ANGEL VIDAL RAJO

Dáse conta do escrito presentado o día 1.09.16 por M.A.V.R., no que comunica que é funcionario do Concello de Cangas, e por dar por finalizada o día 30 de setembro de 2016 a súa vida laboral, solicita se lle tramite a xubilación regulamentaria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda conceder a M.A.V.R. por xubilación regulamentaria, o cesamento definitivo como funcionario do Concello de Cangas, a partir do día 3.09.16 e, así mesmo, trasladarlle o agradecemento da corporación municipal polos servizos prestados.

10º B) COMUNICACIÓN DE XUBILACIÓN REGULAMENTARIA PRESENTADA POR F.S.G.

Dáse conta do escrito presentado o día 5.09.16 por F.S.G, no que comunica que é funcionario do Concello de Cangas, e por dar por finalizada o día 31 de decembro de 2016 a súa vida laboral, solicita se lle tramite a xubilación regulamentaria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda conceder a F.S.G. por xubilación regulamentaria, o cesamento definitivo como funcionario do Concello de Cangas, a partir do día 31.12.16 e, así mesmo, trasladarlle o agradecemento da corporación municipal polos servizos prestados.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) APROBACIÓN PAGAMENTO DE SUBVENCIÓN A "NINGURES PRODUCCIÓN S.L"

Visto o convenio de colaboración entre a entidade "Ningures Producción S.L" e o Concello de Cangas para a organización e desenvolvemento dunha escola das artes escénicas en Cangas (exercicio 2016) aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de 25 de abril de 2016, polo que se concede a cantidade de catro mil euros a Ningures Producción SL.

Visto que foron abonados un total de 3.200,00 euros en concepto de pago anticipado, de conformidade co disposto na cláusula segunda do sinalado convenio de colaboración.



Concello de Cangas

Visto que o 20 de xullo de 2016 (Rex. Entrada Núm. 9601) presentouse a documentación acreditativa da xustificación da subvención por Salvador del Río Pérez, como administrador de Ningures Producción S.L.

Visto o informe de fiscalización de intervención, emitido o 29 de xullo de 2016, polo que se advirte que a documentación presentada por Ningures Producción SL presenta deficiencias e omisións.

Requirida a subsanación das deficiencias e omisións advertidas, mediante escrito de 4 de agosto de 2016 (Núm. Rexistro de Saída 2187) e visto que Ningures Producción SL presentou o 16 de agosto de 2016 (Núm. Rexistro de Entrada 10937) a documentación requirida.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: Aboar un total de 800 euros a "Ningures Producción S.L.", de conformidade co disposto no convenio de colaboración entre a entidade "Ningures Producción S.L" e o Concello de Cangas para a organización e desenvolvemento dunha escola das artes escénicas en Cangas (exercicio 2016).

SEGUNDO: Notificar o presente acordo a "Ningures Producción S.L" e a Intervención.

B) APROBACIÓN PAGAMENTO DE SUBVENCIÓN A "ASOCIACIÓN CULTURAL XIRIA"

Visto o convenio de colaboración entre a entidade "Asociación Cultural Xiria" e o Concello de Cangas para a organización e desenvolvemento dunha escola das artes escénicas en Cangas (exercicio 2016) aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de 7 de marzo de 2016, polo que se concede a cantidade de catorce mil euros a Asociación Cultural Xiria.

Visto que foron abonados un total de 11.200,00 euros en concepto de pago anticipado, de conformidade co disposto na cláusula segunda do sinalado convenio de colaboración.

Visto que o 22 de xullo de 2016 (Rex. Entrada Núm. 9779) presentouse a documentación acreditativa da xustificación da subvención por M.X.M.A., como Presidenta da Asociación Cultural Xiria.

Visto o informe de fiscalización de intervención, emitido o 29 de xullo de 2016, polo que se advirte que a documentación presentada pola "Asociación Cultural Xiria" presenta deficiencias e omisións.



Concello de Cangas

Requirida a subsanación das deficiencias e omisións advertidas, mediante escrito de 4 de agosto de 2016 (Núm. Rexistro de Saída 2186) e visto que "Asociación Cultural Xiria" presentou o 18 de agosto de 2016 (Núm. Rexistro de Entrada 11113) a documentación requirida.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: Aboar un total de 2800 euros a "Asociación Cultural Xiria", de conformidade co disposto no convenio de colaboración entre a entidade "Asociación Cultural Xiria" e o Concello de Cangas para desenvolver a XXXIII Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas(exercicio 2016).

SEGUNDO: Notificar o presente acordo a "Asociación Cultural Xiria" e a Intervención.

C) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "PAVIMENTACIÓN VIAIS QUE DAN ACCESO A EXPLOTACIÓNS EN HERBELLO"

Examinada a Proposta da Alcaldía do día 12.09.2016, relativa a aprobación do expediente de contratación da obra "Pavimentación viarios que dan acceso a explotacións en Herbello", que di:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "PAVIMENTACIÓN VIAIS QUE DAN ACCESO A EXPLOTACIÓNS EN HERBELLO"

Vista a Providencia da Alcaldía de data 15.07.2016 pola que se inicia o expediente administrativo para a adxudicación do contrato de obra "Pavimentacións de viarios que dan acceso a explotacións agrarias en Herbello" financiada con cargo á subvención concedida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural e do Mar mediante Resolución do director xeral de data 12.05.2016.

Visto que polo departamento de Apoio Xurídico se redactaron os oportunos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán esta licitación, e que o expediente completo foi informado por Secretaría e Intervención cos advertencias que constan nos seus respectivos informes, ambos de data 12.09.2016.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte



Concello de Cangas

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o proxecto de obra "Pavimentación viario acceso explotación en Herbello" redactado polos técnicos municipais dona C.G.C. (aparelladora) e don A.F.F. (delineante), e cuxo importe ascende á cantidade de 79.503,03 € (IVE incluído).

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación da dita obra, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán o procedemento de licitación e que constan anexos a este acordo.

Terceiro.- Autorizar, por importe de 79.503,03 €, o gasto que para este Concello representa esta contratación, con cargo á aplicación orzamentaria 450.619 do vixente orzamento municipal.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto e un único criterio de adxudicación, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Perfil de Contratante.

Quinto.- Declarar a tramitación urxente do expediente.

Sexto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente de aprobación do expediente de contratación da obra "Pavimentación viarios que dan acceso a explotacións en Herbello"

D) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "RENOVACIÓN URBANA DAS RÚAS HOSPITAL, LÚA E LIRIO"

Examinada a Proposta da Alcaldía do día 12.09.2016, relativa á aprobación do expediente de contratación da obra "Renovación Urbana das Rúas Hospital, Lúa e Lirio" que di:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "RENOVACIÓN URBANA DAS RÚAS HOSPITAL, LÚA E LIRIO"



Concello de Cangas

Vista a Providencia da Alcaldía de data 1.08.2016 pola que se inicia o expediente administrativo para a adxudicación do contrato de obra "Renovación urbana das rúas Hospital, Lúa e Lirio" financiada con cargo á subvención concedida pola Excm. Deputación Provincial mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 23.06.2016.

Visto que polo departamento de Apoio Xurídico se redactaron os oportunos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán esta licitación, e que o expediente completo foi informado por Secretaría e Intervención cos advertencias que constan nos seus respectivos informes, ambos de data 12.09.2016.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- *Aprobar o proxecto de obra "Renovación urbana das rúas Hospital, Lúa e Lirio" redactado pola Oficina de Portelo único de Vivenda – Área de Rehabilitación do Concello de Cangas participando na súa elaboración dona M. I.M.F (Arquitecta), F.B.P (Arquitecto Técnico) e M.A.F.L (Aux. Administrativo), e cuxo importe ascende á cantidade de 98.362,90 € (IVE incluído).*

Segundo.- *Aprobar o expediente de contratación da dita obra, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán o procedemento de licitación e que constan anexos a este acordo.*

Terceiro.- *Autorizar, por importe de 98.362,90 € o gasto que para este Concello representa esta contratación, con cargo á aplicación 1532.639 do vixente orzamento municipal.*

Cuarto.- *Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto e varios criterios de adxudicación, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Perfil de Contratante.*

Quinto.- *Declarar a tramitación urxente do expediente de acordo co informe emitido ao efecto por M.I.M.F arquitecta municipal e redactora do proxecto.*

Sexto.- *Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar



Concello de Cangas

integramente a proposta transcrita anteriormente de aprobación do expediente de contratación da obra "Renovación Urbana das Rúas Hospital, Lúa e Lirio"

E) APROBACIÓN DE PROXECTO E INICIACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "REPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS, PONTE BOUZÓS CONTENCIÓN E RECOLLIDA DE PLUVIAIS"

Examinada a Proposta da Alcaldía do día 12.09.2016, relativa á aprobación do expediente de contratación da obra "Reparación e acondicionamento de camiños municipais, Ponte Bouzós contención e recollida de pluviais" que di:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "PREPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO CAMIÑOS MUNICIPAIS, PONTE BOUZÓS, CONTENCIÓN E RECOLLIDA DE PLUVIAIS EN OURELO"

Vista a Providencia da Alcaldía de data 1.08.2016 pola que se inicia o expediente administrativo para a adxudicación do contrato de obra "Preparación e acondicionamento camiños de titularidade municipal, Ponte Bouzós, contención e recollida de pluviais en Ourelo" financiada con cargo á subvención concedida pola Excm. Deputación Provincial mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 17.06.2016

Visto que polo departamento de Apoio Xurídico se redactaron os oportunos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán esta licitación, e que o expediente completo foi informado por Secretaría e Intervención cos advertencias que constan nos seus respectivos informes, ambos de data 12.09.2016.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- *Aprobar o proxecto de obra "Preparación e acondicionamento camiños de titularidade municipal, Ponte Bouzós, contención e recollida de pluviais en Ourelo" en cuxa redacción participaron os técnicos municipais dona C.G.C (aparelladora) e don A.F.F (delineante), e tamén don B.B.D, e cuxo importe ascende á cantidade de 167.899,99 € (IVE incluído).*

Segundo.- *Aprobar o expediente de contratación da dita obra, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán o procedemento de licitación e que constan anexos a este acordo.*



Concello de Cangas

Terceiro.- Autorizar, por importe de 167.899,99 €, o gasto que para este Concello representa esta contratación, con cargo ás aplicacións 1532.639, 450.619 e 450.639 do vixente orzamento municipal.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto e un único criterio de adxudicación, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Perfil de Contratante.

Quinto.- Declarar a tramitación urxente do expediente.

Sexto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente de aprobación do expediente de contratación da obra "Reparación e acondicionamento de camiños municipais, Ponte Bouzós contención e recollida de pluviais"

F) APROBACIÓN DE PROXECTO E INICIACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS NO BARRIO DE OUTEIRO- CASCO VELLO"

Examinada a Proposta da Alcaldía do día 12.09.2016, relativa á aprobación do expediente de contratación da obra "Pavimentación e mellora de servizos no Barrio de Outeiro-Casco Vello" que di:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS NO BARRIO DE OUTEIRO – CASCO VELLO"

Vista a Providencia da Alcaldía de data 1.08.2016 pola que se inicia o expediente administrativo para a adxudicación do contrato de obra "Pavimentación e mellora de servizos no barrio do Outeiro – Casco Vello" financiada con cargo á subvención concedida pola Excma. Deputación Provincial mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 23.06.2016.

Visto que polo departamento de Apoio Xurídico se redactaron os oportunos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán esta licitación, e que o expediente completo foi informado por Secretaría e Intervención cos advertencias que constan nos seus respectivos informes, ambos de data 12.09.2016.



Concello de Cangas

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- *Aprobar o proxecto de obra "Pavimentación e mellora de servizos no barrio do Outeiro – Casco Vello" redactado pola Oficina de Portelo único de Vivenda – Área de Rehabilitación do Concello de Cangas participando na súa elaboración dona M.I.M.F (Arquitecta), M.A.F.L (Aux. Administrativo), O.G.M (Arquitecto) e J.A.P.S, e cuxo importe ascende á cantidade de 131.540,77 € (IVE incluído).*

Segundo.- *Aprobar o expediente de contratación da dita obra, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán o procedemento de licitación e que constan anexos a este acordo.*

Terceiro.- *Autorizar, por importe de 131.540,77 € o gasto que para este Concello representa esta contratación, con cargo á aplicación 1532.639 do vixente orzamento municipal.*

Cuarto.- *Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto e varios criterios de adxudicación, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Perfil de Contratante.*

Quinto.- *Declarar a tramitación urxente do expediente de acordo co informe emitido ao efecto por M.I.M.F. arquitecta municipal e redactora do proxecto.*

Sexto.- *Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente de aprobación do expediente de contratación da obra "Pavimentación e mellora de servizos no Barrio de Outeiro-Casco Vello"

G) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE Nº 35

Examinada a Proposta da Concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, relativa a transmisión de autorización do posto de venda ambulante nº 35, que di:



Concello de Cangas

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE nº 35

ANTECEDENTES

Por escrito de data de rexistro de entrada 05/07/2016 COPISTERIA FOTO NUÑEZ S.L con CIF B-36282994 e enderezo en Avda da Torre, 52, Pontevedra, solicita o cambio de titularidade do posto do que é titular a favor de D. D.E.J. domiciliado en Rúa Pío XII, 10-2^ªC, Porriño, que manifesta a súa intención de adquirir dita autorización.

A solicitude anterior acompáñase da documentación acreditativa dos requisitos necesarios para que se produza a transmisión.

CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

I. - *A Lei 13/2010 de Comercio Interior de Galicia establece no seu artigo 76 que as licenzas serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.*

II. - *O artigo 16 da vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) nesa mesma liña prevé a transmisibilidade das autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo cos requisitos establecidos no mesmo polo tempo restante da licenza e previa satisfacción da taxa correspondente.*

III. - *No presente caso, vista a documentación presentada xunto coa solicitude, danse as circunstancias para outorgar a transmisión solicitada a favor do adquirente D. D.E.J.*

IV. - *O órgano competente para autorizar a transmisión que se comunica é a Xunta de Goberno Local en base ao disposto no artigo 16.2 da ordenanza municipal.*

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO:

PRIMEIRO: Estimar a solicitude de cambio de titularidade da autorización de venda ambulante do posto nº 35 do mercado dos venres da que era titular COPISTERÍA FOTO NUÑEZ S.L. a favor de D. D.E.J., adoptando as disposicións oportunas para a súa formalización.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo aos interesados, así como á Concellaría de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, Estatística e Tesourería."



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

H) PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE, S/ INICIO DE EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DUNHA PERSOA PARA CUBRIR O POSTO DE TRABALLADOR/A SOCIAL NO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL

Examinada a Proposta da concellaría de servizos sociais, igualdade e sanidade, relativa ao inicio de expediente para a contratación de persoal para cubrir o posto de traballador/a social no centro municipal de benestar social, que di:

"PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

ASUNTO: Inicio de expediente para a contratación de persoal para cubrir o posto de traballador/a social no centro municipal de benestar social.

ANTECEDENTES: a razón da posta en coñecemento de parte da Xunta de Galicia da ampliación da subvención do Plan Concertado, concretamente a partida destinada a contratación dun/ha novo/a traballador/a social

PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

- 1.- Iniciar o expediente de contratación dun/ha traballador/a social.*
- 2.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Persoal, Servizos Sociais e Intervención para os efectos de coñecemento e impulso da tramitación correspondente.*
- 3.- Dar traslado ao comité de empresa e xunta de persoal deste acordo, e en diante, toda a información precisa sobre o procedemento a seguir, para que así sexan notificados e debidamente informados."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.



Concello de Cangas

I) SINALIZACIÓNS DE PASAXE PERMANENTE

I.1) RENOVACIÓN DE SINAL DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
COLEXIO PÚBLICO NAZARET	Rúa María Soliño Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 721, concedido en X.G.L. do día 17.12.2008 ao Colexio Público Nazaret. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo. Así mesmo, concédese autorización para o pintado da liña amarela.

I.2) RENOVACIÓN DE SINAL DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
M.A.L.S. Avda. de Ourense, nº 9-1º-Coiro	Avda. de Ourense, nº 9 Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 367, concedido en X.G.L. do día 05.04.2001 a M.A.L.S. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo. Así mesmo, concédese autorización para o pintado da liña amarela no espazo correspondente á autorización concedida cos medios propios.



Concello de Cangas

11º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente